

Aí vai o ramo da Romaxe 45 que acaba,  
para o comezo de nova peregrinase cara a Romaxe 46,  
atravesando Galicia toda, da Amaía ás terras do Limia,  
150 quilómetros.

Benvida aos novos funcionistas,  
animosas xentes limiás que,  
dende o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso con outras  
varias iniciativas,  
abrides camiños de ilusión e esperanza no ermo mundo rural.

Neste queipo que vos entregamos,  
coa nosa aperta maián,  
vai un ramallete de libros editados por este Concello de Brión ao  
longo de varios lustros  
e que o vecindario gardamos nas casas como tesouro dos nosos  
saberres,  
arca da nosa memoria,  
galano do noso enxoaval.

Entre eles, un exemplar de "Aldeas, escritos e imaxes da Galicia  
Tradicional Santa María de Ons-Brión",  
do antropólogo brasileiro Carlos Rodrigues Brandao.

O profesor Carlos Brandao,  
falecido hai dous meses en Campinas-Estado de São Paulo,  
era dos nosos, irimego máis aló do Atlántico,  
que no ano 1992 puideramos partillar con el na Romaxe das  
Ermidas.

Foi discípulo e compañeiro de Paulo Freire, irmán dos teólogos  
da liberación, incansable loitador pola causa dos más pobres. Sirva,  
logo, este recuncho para honrar a súa memoria.

Viva Romaxe 46. Vivan as terras do Limia.